



PAULA ARES OTERO, SECRETARIA – INTERVENTORA DO CONCELLO DE LOUSAME (A CORUÑA) DO QUE É ALCALDESA-PRESIDENTA DONA MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS

CERTIFICA: Que na sesión **extraordinaria** da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día **21 de agosto de 2018** adoptouse seguinte acordo, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias, e sen prexuízo da aprobación definitiva do acta:

<<2.- Aprobación, se procede, do expediente de contratación 5/2018: “Camiño Planta medioambiental a Servia”

Expediente de contratación: 5/2018

Denominación: “Camiño Planta Medioambiental a Servia”

Proxecto de gasto: 20.18

Financiación: Deputación da Coruña, POS+ 2017, Préstamo Provincial.

A **Xunta de Goberno Local** do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a Resolución da Presidencia do 17.06.2015, así como a DA2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:

Antecedentes Administrativos:

- 1 Esta obra está financiada pola Deputación da Coruña, no Programa POS+ 2017, Préstamo Provincial. O crédito foi xerado no exercicio 2018, mediante o expediente de MC núm. 4/2018, modalidade crédito extraordinario, que entrou en vigor coa publicación da súa aprobación definitiva no BOP núm. 117 do 21.06.2018.
- 2 Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2017, que serviu de base para a solicitude do financiamento á Deputación Provincial, aprobado por acordo plenario do 23.02.2017, por esixencia das bases reguladoras do POS+ 2017.
- 3 Acta de replanteo previo do 17.02.2017
- 4 Providencia de incoación do expediente do 09.07.2018.
- 5 Memoria xustificativa da non división en lotes, asinada pola Alcaldía, do 09.07.2018.
- 6 Memoria xustificativa da contratación, asinada pola Alcaldía, do 27.07.2018, en cumprimento do artigo 28 da LCSP, onde se identifica:
 - a. a competencia local na materia,
 - b. a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir coa presente contratación e a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as citadas necesidades,
 - c. xustificación do procedemento de contratación (aberto simplificado)
 - d. valor estimado e prezo
 - e. clasificación dos licitadores
 - f. Puntuación asignada aos criterios de adxudicación.
- 7 Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que é o Prego-Tipo aprobado pola Deputación da Coruña, de obrigada aplicación polo ente financiador.
- 8 Informe do Técnico de Administración Xeral do 10.07.2018, sobre a lexislación aplicable e o procedemento de contratación.
- 9 Informe do Arquitecto Técnico Municipal do 01.08.2018 sinalando que non e precisan autorizacións sectoriais e que a obra cumpre coa normativa urbanística de aplicación.
- 10 Informe da secretaría-intervención núm. 62/2018 do 09.08.2018, emitido no cumprimento da DA 2ª e 3ª da LCSP.

Necesidades a cubrir e idoneidade na celebración do contrato:

Están especificadas na Memoria emitida pola Alcaldía ao abeiro do artigo 28 da LCSP, do día 27.07.2018.

Importe do contrato a celebrar:

- Prezo sen IVE: 136.406,53 €
- IVE (21%): 28.645,37 €
- Prezo con IVE: 165.051,90 €

Procedemento de adxudicación e tramitación:

Tendo en conta a natureza da actuación e o seu custo, considérase que o procedemento máis axeitado para a súa contratación é o **procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, con multiplicidade de criterios de adxudicación.**

Criterios de adxudicación e valoración:

En relación aos criterios de adxudicación, na aplicación do artigo 145 da LCSP realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo aos seguintes criterios:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		
Prezo	Valoración automática	Até 50 puntos
Prazo de garantía	Valoración automática	Até 30 puntos
Prazo de execución	Valoración automática	Até 10 puntos
Plan control de calidade	Valoración que depende dun xuízo de valor	Até 2,5 puntos
Programa de traballo	Valoración que depende dun xuízo de valor	Até 2,5 puntos
Programa de actuación medio ambiental	Valoración que depende dun xuízo de valor	Até 2,5 puntos
Esquema do Plan de Seguridade e Saúde	Valoración que depende dun xuízo de valor	Até 2,5 puntos
Puntuación máxima		100 puntos
<i>Puntuación dos criterios de valoración automática</i>		<i>90 puntos</i>
<i>Puntuación dos criterios cuxa valoración depende dun xuízo de valor</i>		<i>10 puntos</i>

Redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares cos seus Anexos, o Prego de Prescricións Técnicas. Incorporado ao expediente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, a Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

Primeiro: Ratificar a aprobación do proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2017, que serviu de base para a solicitude do financiamento á Deputación Provincial, aprobado por acordo plenario do 23.02.2017, por esixencia das bases reguladoras do POS+ 2017.

Segundo: Publicar o acordo de incoación do expediente, así como a xustificación requirida polo artigo 28 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o expediente de contratación núm. 5.2018 do contrato de obras, denominado "**Camiño Planta Medioambiental a Servia**", por procedemento **aberto simplificado**, tramitación **ordinaria**, atendendo á unha pluralidade de criterios de adxudicación, cun orzamento total de execución por contrata de 165.051,90 €, IVE (21%) incluído.

Cuarto: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos e o Prego de

Prescricións Técnicas.

Quinto: Aprobar o gasto correspondente para o exercicio 2018, con cargo á aplicación orzamentaria **1532.61900**, proxecto **20.2018**, do estado de gastos do orzamento vixente; remitindo certificado deste acordo á área de contabilidade.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento aberto simplificado de adjudicación, tramitación ordinaria e publicar anuncio de licitación no Perfil de Contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Sétimo: Designar a seguinte Mesa de Contratación:

- Presidente: Silvia Agrafojo Filgueira. Concelleira.
- Vogal: Paula Ares Otero. Secretaria-interventora do Concello.
- Vogal: Arturo Barreiro Tubío. ADL do Concello de Lousame
- Vogal: M^a Montserrat Arufe Lamas. Administrativa do Concello de Lousame.
- Secretario: José Martínez Redondo. Técnico de Administración Xeral do Concello.

Oitavo: Publicar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas, a composición da Mesa de Contratación e este acordo de aprobación do expediente de contratación, no Perfil do Contratante.>>

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e prace da Sra. alcaldesa, en Lousame a 22 de agosto de 2018.

A Secretaria-interventora.
Paula Ares Otero.

Visto e prace da Alcaldía.
M^a Teresa Villaverde Pais.

